XOVES, 13 DE MARZO DE 2025 N.º 059

BOP
DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

# CONCELLOS

## ANTAS DE ULLA

*Anuncio*

**APROBACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS EXERCICIOS 2025-2027**

Por Resolución da Alcaldía de data 7 de marzo de 2025, aprobouse o Plan Estratéxico de Subvencións para os exercicio 2025-2027, polo que en cumprimento do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, faise público para xeral coñecemento.

Contra este acordo cabe recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia na forma e os prazos que establecen as normas reguladoras da devandita xurisdición.

**PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA EXERCICIOS 2025-2027**

**PREÁMBULO**

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que ten carácter básico, introduce a obriga para os órganos das Administracións Públicas e calquera entes públicos responsables da xestión de subvencións de elaborar un plan estratéxico de subvencións, nos que deben concretarse os obxectivos e efectos previstos coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, suxeitándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

ARTÍCULO 8. Principios generales.

1. Los órganos de las Administraciones públicas o cualesquiera entes que propongan el establecimiento de subvenciones, con carácter previo, deberán concretar en un plan estratégico de subvenciones los objetivos y efectos que se pretenden con su aplicación, el plazo necesario para su consecución, los costes previsibles y sus fuentes de financiación, supeditándose en todo caso al cumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria.

2. Cuando los objetivos que se pretenden conseguir afecten al mercado, su orientación debe dirigirse a corregir fallos claramente identificados y sus efectos deben ser mínimamente distorsionadores.

3. La gestión de las subvenciones a que se refiere esta ley se realizará de acuerdo con los siguientes principios:

a) Publicidad, transparencia, concurrencia, objetividad, igualdad y no discriminación.

b) Eficacia en el cumplimiento de los objetivos fijados por la Administración otorgante.

c) Eficiencia en la asignación y utilización de los recursos públicos.

O citado artigo 8 foi desenvolto polos artigos 10 a 15 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, establecendo cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido dos plans estratéxicos, así como a competencia para a súa aprobación, o seguimento que debe realizarse dos mesmos e os efectos do seu incumprimento. Se ben este articulado non é aplicable aos Concellos, recolle algúns aspectos que poden ser tidos en conta.

Pola súa parte, a Lei de Subvencións de Galicia, Lei 9/2007, de 13 de xuño, indica no seu artigo 5 que:

ARTÍCULO 5. Principios generales.

1. Los órganos de la administración que propongan el establecimiento de subvenciones, con carácter previo, deberán concretar en un plan estratégico de subvenciones los objetivos y efectos que se pretenden con su aplicación, el plazo necesario para su consecución, los costes previsibles y sus fuentes de financiación, supeditándose, en todo caso, al cumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria.

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2025 (13/03/2025 08:00:00)

O Plan Estratéxico, en diante PES, deberá confeccionarse con carácter previo a calquera proposta de outorgamento de subvencións e as propostas que se plantexen deben estar recollidas no mesmo.

A normativa referida establece como principios inspiradores a transparencia que incide de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público dedicado á actividade subvencional das Administracións Públicas.

Nesta liña de mellora da eficacia, a lei establece igualmente a necesidade de elaborar o Plan Estratéxico, que introduza conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custes previsibles e as súas fontes de financiamento, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións coas previsión de recursos dispoñibles con carácter previo ao seu nacemento e a forma anual ou plurianual.

O Concello de Antas de Ulla non contempla neste plan ningunha axuda de duración plurianual aínda que segue apoiando accións e colectivos aos que xa o viña facendo en exercicios anteriores dada a súa importancia para o tecido social e asociativo do Concello.

Para dar cumprimento á citada normativa, o Concello de Antas de Ulla elabora o seu Plan Estratéxico de Subvencións cuxo articulado figura a continuación.

**ARTIGO 1.- ÁMBITO TEMPORAL**

O ámbito temporal do presente Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Antas de Ulla proponse para o período 2025-2027.

**ARTIGO 2.- NATUREZA XURÍDICA**

Os Plans Estratéxicos de Subvencións son un instrumento de xestión de carácter programático, que carecen de rango normativo, que non supón unha incidencia directa na esfera dos particulares, nin a súa aprobación xera dereitos ni obrigas para a Administración.

A súa efectividade queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que a aprobación das correspondentes bases e convocatorias das diferentes liñas de subvención, así como das dispoñibilidades orzamentarias, se acomodarán en cada momento a ditos obxectivos.

**ARTIGO 3.- COMPETENCIA**

En canto ao órgano competente, ao non establecer nin a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nin o Regulamento que a desenvolve, Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, ningunha referencia á atribución específica desta competencia, haberá que concluír que, nos municipios de réxime común, é de aplicación a competencia residual de Alcaldía, tal e como dispón o artigo 21.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Ha de terse en conta que o Plan Estratéxico de Subvencións non é un instrumento de xestión económica senón de planificación, do que non nacen obrigas nin compromisos a favor de terceiros, senón que unicamente determina unhas liñas de actuación a seguir, sen que sexan estas vinculantes.

**ARTIGO 4.- BENEFICIARIOS**

O Concello de Antas de Ulla concederá subvencións, mediante convocatoria pública ou a través da oportuna sinatura de convenios de colaboración, a favor de persoas físicas, asociacións ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

**ARTIGO 5. LIÑAS DE SUBVENCIÓN E OS SEUS OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS**

O presente Plan Estratéxico do Concello de Antas de Ulla resulta de aplicación directa a todas as subvencións concedidas anualmente polo Concello mediante os seguintes procedementos de concesión de subvencións:

a).- Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva ou non competitiva.

b).- Subvencións directas para aquelas previstas nominativamente no orzamento ou extraordinarias por razóns de interese público, social, económico ou humanitario.

Con carácter xeral, as subvencións se concederán en réxime de concorrencia competitiva. Non obstante, poderán concederse mediante axuda directa aquelas subvencións que figuren como nominativas nos orzamentos municipais e aquelas de carácter extraordinario por razóns de interese público, social, económico ou humanitario.

As Liñas estratéxicas de actuación recollidas no presente Plan Estratéxico, no que se integran as liñas de subvencións do Concello, son as seguintes:

- Liña 1: Fomento da promoción do deporte, a cultura, o ocio, a xuventude, a promoción da igualdade e o turismo no municipio de Antas de Ulla, nos seus distintos ámbitos.

- Liña 2: Fomento da acción social, do acceso á educación, da protección das familias e loita contra o despoboamento.

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2025 (13/03/2025 08:00:00)

- Liña 3: Fomento do desenvolvemento económico do comercio local a través de axudas para paliar a crise e os efectos da crise.

- Liña 4: Fomento da cooperación, a solidariedade e o interese social ante situacións de emerxencia humanitaria.

**5.1. SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE FOMENTO DA PROMOCIÓN DO DEPORTE, A CULTURA, O OCIO, A XUVENTUDE, A PROMOCIÓN DA IGUALDADE E O TURISMO.**

a).- Obxectivo estratéxico: Apoiar a realización de proxectos e/ou actividades das asociacións sen ánimo de lucro ou das comisións de festas existentes no Concello, con fin de desenvolver accións de carácter cultural, deportivo, de ocio, en materia de igualdade, xuvenil e turístico.

b). - Obxectivos específicos:

- Fortalecer o movemento e tecido asociativo local nos seus diversos ámbitos de cultura, deporte, ocio, ou calquera outra actividade sectorial, como forma de participación da cidadanía.
- Colaborar co movemento asociativo de organización de eventos festivos, tradicionais ou innovadores, que fomenten o turismo nos seus distintos ámbitos.
- Fomentar a participación da mocidade e das súas entidades sociais na dinámica sociocultural do municipio.
- Fomentar a participación da infancia e das entidades asociativas de pais e nais na dinámica sociocultural do municipio, mediante o desenvolvemento de accións extraescolares e de ocio.
- Fomentar a promoción da igualdade mediante o desenvolvemento de accións educativas e de concienciación da poboación.
- Apoiar o mantemento e funcionamento de asociacións previstas nas bases de execución dos orzamentos municipais.
- Fomentar a promoción do deporte federado das entidades deportivas.

c).- Prazo de execución: Anual.

d).- Custes previsibles: Os custes previstos para o período 2025-2027 serán ata o máximo da dispoñibilidade das consignacións orzamentarias recollidas no orzamento correspondente a cada exercicio.

e).- Fontes de financiamento: O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións recollidas no plan de actuación e nas liñas especificas, sen prexuízo de que se puidesen conseguir subvencións doutras administracións para tales fins, tanto para financiar total como parcialmente.

f).- Procedemento de concesión: O procedemento de concesión se realizará en xeral por concorrencia competitiva, e de forma directa para as entidades que figuren nominativamente no orzamento ou por razóns de interese público, social, económico ou humanitario.

g).- Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria, e os convenios de colaboración ou acordos de concesión que poidan subscribirse ou ditarse para regular o outorgamento de subvención nominativas.

**5.2. SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE FOMENTO DA ACCION SOCIAL, ACCESO Á EDUCACIÓN, PROTECCIÓN DAS FAMILIAS E LOITA CONTRA O DESPOBOAMENTO.**

a).- Obxectivo estratéxico: Apoiar a adopción de medidas de corte social, a fin de mellorar a calidade de vida das persoas e das familias como núcleo social básico facilitando a consecución de cobertura de necesidades sociais e educativas, o fomento da natalidade e a conciliación de vida laboral e familiar como medida paliativa e de loita contra o despoboamento.

b).- Obxectivos específicos:

- Solucionar as necesidades acreditadas polo departamento de Servizos Socias relacionadas coa cobertura das necesidades no eido social.
- Fomentar a natalidade no termo municipal, a fin de paliar o crecemento vexetativo negativo.
- Fomentar o acceso a niveis educativos non obrigatorios non prestados no termo municipal, co que supón de desprazamentos e encarecemento no acceso a un dereito básico como a educación.
- Completar o acceso á educación en condicións de igualdade nos niveis educativos obrigatorios.

c).- Prazo: Convocatorias anuais.

d).- Custes previsibles: Os custes previstos para o período de vixencia do presente PES serán ata o máximo das dispoñibilidades orzamentarias consignadas recollidas no orzamento que se aprobe.

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2025 (13/03/2025 08:00:00)

e).- Fontes de financiamento: O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e liñas específicas, sen prexuízo de que se puidesen conseguir subvencións doutras administracións para tales fins, tanto para financiar total como parcialmente.

f).- Procedemento de concesión: O procedemento de concesión se realizará en concorrencia competitiva, de conformidade coas bases que regulen a súa concesión, que poderá prever, con carácter excepcional e sempre que se acredite a necesidade dende os servizos municipais, a concesión directa.

g).- Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, se realizará mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.

**5.3. SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE FOMENTO DO DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO DO COMERCIO LOCAL E O SECTOR PRIMARIO A TRAVÉS DE AXUDAS PARA PALIAR OS EFECTOS DA CRISE ECONÓMICA.**

a).- Obxectivo estratéxico: Paliar e actuar de maneira inmediata, ante as consecuencias derivadas da crise económica provocada por distintas circunstancias conxunturais que se dan na actualidade (incremento da inflación, subida de prezos de combustibles e materias primas, consecuencias de conflitos bélicos no exterior, etc.).

b).- Obxectivos específicos:

- Impulsar a actividade económica no termo municipal de Antas de Ulla, outorgando liquidez aos autónomos e ás empresas do Concello para, contribuíndo a facilitar o cumprimento das súas obrigas, axudar ao mantemento da actividade e así acadar a debida protección do emprego.
- Fomentar e incentivar as actividades propias do sector primario no Concello de Antas de Ulla, mediante axudas ás xestións das explotacións agrícolas, gandeiras, forestais e/ou hortícolas.
- Protexer o interese xeral dos veciños e das veciñas de Antas de Ulla, dando soporte ás persoas autónomas, microempresas e pequenas empresas, así como aos traballadores por conta allea, incluídos os do sector primario, residentes no Concello, para minimizar o impacto da crise económica provocada por distintas circunstancias conxunturais que se dan na actualidade (incremento da inflación, subida de prezos de combustibles e materias primas, consecuencias de conflitos bélicos no exterior, etc.), a fin de que contribuír á reactivación da economía do noso municipio, actuando directamente sobre os colectivos e as persoas físicas e xurídicas máis afectadas, como autónomos, pemes, traballadores, sector primario e familias.

c).- Prazo: Convocatorias anuais.

d).- Custes previsibles: Os custes previstos para o período de vixencia do presente PES serán ata o máximo das dispoñibilidades orzamentarias consignadas recollidas no orzamento que se aprobe.

e).- Fontes de financiamento: O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións orzamentarias recollidas no plan de actuación e liñas específicas, sen prexuízo de que se puidesen conseguir subvencións doutras administracións para tales fins, tanto para financiar total como parcialmente.

f).- Procedemento de concesión: O procedemento de concesión se realizará en concorrencia non competitiva, de conformidade coas bases que regulen a súa concesión, e de forma directa para as entidades que figuren nominativamente no orzamento ou por razóns de interese público, social, económico ou humanitario.

g).- Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, se realizará mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.

**5.4. SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE COOPERACIÓN, SOLIDARIEDADE E INTERESE SOCIAL, ANTE SITUACIÓNS DE EMERXENCIA HUMANITARIA.**

a).- Obxectivo estratéxico: Apoiar a realización de proxectos e/ou accións de cooperación, solidariedade e interese social desenvoltas por asociacións e entidades non de lucro ou ONGD, con fin de prestar axuda a persoas con necesidades de subsistencia ante situacións de emerxencia humanitaria como consecuencia de conflitos bélicos, ameaza aos dereitos fundamentais, pandemias, desastres naturais, etc.

b). - Obxectivos específicos:

– Colaborar co movemento asociativo, no ámbito das entidades non de lucro e ONGD, na prestación de axudas as persoas con necesidades de alimentos, fogar, atención médica e outras cuestións de primeira necesidade ante situacións de emerxencia humanitaria como consecuencia de conflitos bélicos, ameaza aos dereitos fundamentais, pandemias, desastres naturais, etc.

– Fomentar a participación cidadá e das entidades asociativas municipais, mediante o desenvolvemento de accións de axuda e cooperación con colectivos desfavorecidos e movementos migratorios como consecuencia de situacións de emerxencia humanitaria.

– Apoiar o mantemento e funcionamento de asociacións e/ou entidades non de lucro e ONGD que desenvolven proxectos de axuda e acción social ante situacións de emerxencia humanitaria.

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2025 (13/03/2025 08:00:00)

c).- Prazo de execución: Anual.

d).- Custes previsibles: Os custes previstos para o período 2021-2024 serán ata o máximo da dispoñibilidade das consignacións orzamentarias recollidas no orzamento correspondente a cada exercicio.

e).- Fontes de financiamento: O orzamento municipal, de conformidade coas aplicacións recollidas no plan de actuación e nas liñas especificas, sen prexuízo de que se puidesen conseguir subvencións doutras administracións para tales fins, tanto para financiar total como parcialmente.

f).- Procedemento de concesión: O procedemento de concesión se realizará en xeral por concorrencia competitiva, de conformidade coas bases que regulen a súa concesión, e de forma directa para as entidades que figuren nominativamente no orzamento ou por razóns de interese público, social, económico ou humanitario.

g).- Plan de actuación: O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria, e os convenios de colaboración ou acordos de concesión que poidan subscribirse ou ditarse para regular o outorgamento de subvención nominativas.

**ARTIGO 6. PRAZOS DE EXECUCIÓN**

Con carácter xeral, as subvencións municipais terán un prazo de execución anual, sendo o período elixible a efectos de xustificación o ano natural.

Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan convinte a fixación dun prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período elixible, se deberán recoller nas correspondentes bases das subvencións (por exemplo, tempadas deportivas ou cursos escolares).

**ARTIGO 7. FINANCIAMENTO**

A efectividade das liñas de axudas e subvencións engadidas no presente plan quedarán condicionadas á existencia de crédito axeitado e suficiente no correspondente orzamento anual.

Previo á concesión de calquera tipo de subvención se procederá á tramitación da autorización do gasto correspondente.

**ARTIGO 8.- PAGO ANTICIPADO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS**

O pago anticipado de subvencións levarase a cabo de acordo co previsto no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións, e a demais normativa aplicable.

**ARTIGO 9.- CONTROL, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS**

O control, seguimento e avaliación do presente Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Antas de Ulla, realizarase nos seguintes aspectos:

- Control económico-financeiro anual das subvencións concedidas, que está encomendado á Secretaria-Intervención do Concello de Antas de Ulla, e que se realizará nas condicións recollidas na lexislación vixente.
- Seguimento e avaliación do Plan: Para o seguimento e avaliación do Plan Estratéxico de Subvencións desígnase á Xunta de Goberno Local. A tal efecto se establecen coma indicadores relacionados cos obxectivos do Plan a avaliar, os seguintes:

– Grao de execución das subvencións, entendendo por isto, as subvencións concedidas e aprobadas (fase O) respecto das previstas (créditos iniciais), para cada área ou liña estratéxica, e tipo de subvención, distinguindo entre subvencións de concesión directa, e en concorrencia competitiva ou non competitiva.

– Respecto das subvencións concedidas en concorrencia competitiva, número de expedientes (solicitudes) tramitadas e concedidas e comparativa co ano anterior para o caso de existir a mesma subvención.

A Intervención municipal absterase de realizar a fiscalización ata que non se realice polos xestores o envío da información anterior.

**ARTIGO 10. TRANSPARENCIA**

Todas as subvencións concedidas polo Concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias serán publicadas nos termos da lexislación vixente na web municipal, Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica, no taboleiro de anuncios físico, no Boletín Oficial cando fora preciso e na Base de Datos Nacional de subvencións, indicando beneficiario, contía concedida e o proxecto ou acción á que vai destinada.

Antas de Ulla, 7 de marzo de 2025.- A Alcaldesa, Pilar García Porto.

R. 0626

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2025 (13/03/2025 08:00:00)

# GUNTÍN

*Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía de 05demarzo de 2025, prestouse aprobación inicial ao Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga correspondente ao segundo bimestre do ano 2020.

Exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Recurso: Contra o Decreto de aprobación do padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, poderá interporse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado desde o día seguinte ao da finalización do periodo de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre. Alcalde-Presidente do Concello de Guntín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes desde que se entende producida a notificación.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, desde o 05 de marzo de 2025 ata o 04 demaiode 2025. Finalizado o exercicio pasarase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Guntín, 5 de marzo de 2025.- O Alcalde, Ángel Pérez Rodríguez.

R. 0627

---

*Anuncio*

Por Decreto da Alcaldía de 05demarzo de 2025, prestouse aprobación inicial ao Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga correspondente ao terceiro bimestre do ano 2020.

Exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Recurso: Contra o Decreto de aprobación do padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, poderá interporse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado desde o día seguinte ao da finalización do periodo de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre. Alcalde-Presidente do Concello de Guntín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes desde que se entende producida a notificación.

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2025 (13/03/2025 08:00:00)

**ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, desde o 05 de marzo de 2025 ata o 04 demaiode 2025. Finalizado o exercicio pasarase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Guntín, 5 de marzo de 2025.- O Alcalde, Ángel Pérez Rodríguez.

R. 0628

---

## PANTÓN

*Anuncio*

Expediente 119/2025: Aprobación inicial da Ordenanza Non Fiscal pola que se establece a regulación dos furanchos no Concello de Pantón.

Resolución: Acordo do Pleno do Concello de Pantón do día 27.02.25.

Regulación legal: Artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Obxecto: Sométese o expediente a información pública e audiencia ás persoas interesadas polo prazo de trinta días hábiles, a contar desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, dentro do cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

Publicidade: O acordo de aprobación provisional e o texto da Ordenanza estará a disposición dos interesados no Taboleiro de Anuncios de Sede Electrónica Municipal: https://panton.sedelectronica.gal/board

Pantón, 10 de marzo de 2025.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 0629

---

## A PONTENOVA

*Anuncio*

**BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA CONDUCTOR OPERARIO MAQUINARIA FORESTAL NO CONCELLO DA PONTENOVA -.**

De conformidade co disposto na resolución de Alcaldía núm. 2025-0127, de data 10/03/2025, faise pública a convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego para conductor operario maquinaria forestal en réxime de persoal laboral temporal no Concello da Pontenova.-

Lugar e prazo de presentación: no Rexistro do Concello de A Pontenova en horario de 9:00 a 15:00 horas de luns a venres, ou por calquera dos medios previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Cando as solicitudes se presenten fora do Rexistro do Concello, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir comunicación por correo electrónico correo.apontenova@fegamp.gal comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente.

O prazo de presentación de solicitudes será de **dez días hábiles** a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Requisitos: os establecidos nas bases da convocatoria que se atopan a disposición dos interesados/as nas oficinas municipais e na sede electrónica do Concello da Pontenova https://concellodapontenova.sedelectronica.es/info.0

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2025 (13/03/2025 08:00:00)

A Pontenova, 10 de marzo de 2025.- O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 0630

*Anuncio*

**BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA OPERARIO SERVIZOS MÚLTIPLES NO CONCELLO DA PONTENOVA -.**

De conformidade co disposto na resolución de Alcaldía núm. 2025-0126, de data 10/03/2025, faise pública a convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego de operario servizos múltiples en réxime de persoal laboral temporal no Concello da Pontenova.-

Lugar e prazo de presentación de instancias: no Rexistro do Concello de A Pontenova en horario de 9:00 a 15:00 horas de luns a venres, ou por calquera dos medios previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Cando as solicitudes se presenten fora do Rexistro do Concello, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir comunicación por correo electrónico correo.apontenova@fegamp.gal comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente.

O prazo de presentación de solicitudes será de **dez días hábiles** a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Requisitos: os establecidos nas bases da convocatoria que se atopan a disposición dos interesados/as nas oficinas municipais e na sede electrónica do Concello da Pontenova https://concellodapontenova.sedelectronica.es/info.0

A Pontenova, 10 de marzo de 2025.- O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 0631

## SAMOS

*Anuncio*

Aprobados pola Xunta de Goberno de data 06.03.2025, os padrónsmunicipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizovivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a **FEBREIRO/2025**, expoñenseao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinteao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazosen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello en ABANCA.

Fixanse como periodo de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco dias, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efcto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debedas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 6 de marzo de2025.- A ALCALDESA-PRESIDENTA, Dª. María Jesús López López.

R. 0632

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2025 (13/03/2025 08:00:00)

## XERMADE

*Anuncio*

**EXPEDIENTE DE DEPURACIÓN DE OBRIGAS DE EXERCICIOS PECHADOS**

Non téndose presentado reclamación ao expediente de anulación das seguintes obrigas recoñecidas pendentes da agrupación de exercicios pechados, por importe total de 121.155,34 euros, aprobado inicialmente en sesión plenaria do 16/01/2025 publicado no BOP número 027 de 3 de febreiro de 2025, queda aprobado definitivamente e faise público para xeral coñecemento:

| ANUALIDADE | FASE | Nº ASIENTO | APLICACIÓN | DESCRICIÓN | IMPORTE | TERCEIRO | INTERESADO | MOTIVO BAIXA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2005 | APO | 77/2006 | 4.22 | POR HONORARIOS DOCENCIA CURSO PREVENCION RISCOS LABORAIS NIVEL BASICO | 0,01 € | 333****9-G | INES RIVAS FERNANDEZ | 3 |
| 2005 | APO | 65/2006 | 1.22 | POR DUAS FACTURAS N§ 20/2005 E 19/2005 DE HONORARIOS POR INFORMES URBANISTICOS E DE HONORARIOS POLA CERTIFICACION CARTOGRAFIA . | 265,50 € | | JOSE LUIS LOZANO PRADO | 2 |
| 2005 | APO | 66/2006 | 1.22 | POR DEVOLUCIONS RESARCIMENTOFLUIDO ELECTRICO | 90,15 € | | VARIAS | 4 |
| 2005 | APO | 68/2006 | 1.22 | RESARC FLUIDO ELECTRICO VECI¥OS CABREIROS 04/05 | 30,05 € | | VARIAS | 4 |
| 2005 | APO | 70/2006 | 1.22 | RESARCIMIENTO FLUIDO ELECTRICO DEVOLUCIONES | 150,25 € | | VARIAS | 4 |
| 2006 | ADO | 1495/2006 | 4.21 | MANTEMENTO CAMPO DE FUTBOL DE CABREIROS | 248,92 € | B272****3 | AGROTECNIA, S. L. | 1 |
| 2006 | ADO | 1056/2006 | 4.22 | ENERXIA ELECTRICA AMBULATORIO | 237,41 € | A330****3 | BARRAS ELECTRICAS GALAICO-ASTURIANAS, SA | 1 |
| 2006 | ADO | 209/2006 | 1.12 | A AUXILIAR ADMINISTRATIVO NOMINA MES DE XANEIRO | 0,01 € | 338****3D | DARIO PERNAS VILLARES | 3 |
| 2006 | ADO | 3342/2006 | 1.22 | PRENSA MES DECEMBRO | 26,00 € | B-271****8 | E.S EIMIL TRASANCOS, S.L | 1 |
| 2006 | ADO | 1277/2006 | 4.22 | OS VECIÑOS DE CABREIROS POR ALUMBRADO PUBLICO | 390,65 € | | FOCOS CABREIROS | 4 |
| 2006 | ADO | 138/2006 | 4.22 | RESARCIMIENTO FLUIDO ELECTRICO ANO 2005 VECIÑOS ROUPAR | 90,15 € | | FOCOS DE ROUPAR | 4 |
| 2006 | ADO | 3462/2006 | 4.22 | TELEVISION DIXITAL ESTUDOS TECNICOS PLANIFICACIÓN PROXECTO | 2.262,91 € | B-272****5 | INTERNET GALICIA S.L. | 4 |
| 2006 | ADO | 3463/2006 | 4.22 | POR ESTUDIO TECNICO SUBVENCIONADO | 737,09 € | B-272****5 | INTERNET GALICIA S.L. | 4 |
| 2006 | ADO | 1885/2006 | 4.21 | MANTEMENTO REDE SUMINISTRO AUGA POTABLE ARRANXOS | 0,01 € | B271****1 | M. MIRAGAYA, S. L. | 3 |

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2025 (13/03/2025 08:00:00)

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2006 | ADO | 1887/2006 | 4.21 | MANTEMENTO REDE SUMINISTRO AUGA POTABLE ARRANXOS | 0,01 € | B271****1 | M. MIRAGAYA, S. L. | 3 |
| 2006 | ADO | 1889/2006 | 4.21 | MANTEMENTO REDE SUMINISTRO AUGA POTABLE ARRANXOS | 0,01 € | B271****1 | M. MIRAGAYA, S. L. | 3 |
| 2006 | ADO | 3187/2006 | 3.22 | POR MC 1/2006 SUBEXPEDIENTE XERACIÓN DE CREDITOS 1/2006 FIP XARDINERIA | 0,93 € | 333****1D | MIGUEL GARCIA PAREDES | 1 |
| 2006 | ADO | 3344/2006 | 1.22 | TELEFONOS | 5,00 € | B154****8 | MONTAJES AS PONTES, S. L. | 4 |
| 2006 | ADO | 3347/2006 | 1.22 | TELEFONOS | 5,00 € | B154****8 | MONTAJES AS PONTES, S. L. | 4 |
| 2006 | ADO | 2942/2006 | 4.22 | INTERNET BASICO PARA MULLERES OCUPADAS 40 HORAS-MATERIAL BASICO | 12,68 € | B154****8 | PEDRO J. CASTRO SEOANE | 1 |
| 2006 | ADO | 2943/2006 | 4.22 | MATERIAL CURSO INTERNET BASICO APORTACIÓN MUNICIPAL | 176,76 € | B154****8 | PEDRO J. CASTRO SEOANE | 1 |
| 2006 | ADO | 3343/2006 | 1.22 | PROGRAMACIÓN | 116,00 € | A282****8 | RADIO POPULAR S.A. | 1 |
| 2006 | ADO | 207/2006 | 1.12 | NOMINA MES DE XANEIRO DE ADMINISTRATIVO | 0,01 € | 338****4J | SABINO ARES BARRO | 3 |
| 2006 | ADO | 650/2006 | 1.12 | ADMINISTRATIVO NOMINA MES DE MARZO | 0,01 € | 338****4J | SABINO ARES BARRO | 3 |
| 2006 | ADO | 1254/2006 | 1.20 | AMPLIACIÓN GARANTÍA MAQUINA GP 225 | 239,01 € | A271****2 | SISTEMAS DE OFICINAS DE LUGO, S. A. | 1 |
| 2006 | ADO | 1232/2006 | 1.22 | REPARTO DE CORREO DO MES DE MAIO | 142,64 € | A153****3 | SOCIEDAD GALLEGA DE MEDIO AMBIENTE | 1 |
| 2006 | ADO | 2377/2006 | 1.22 | A CORREOS FACTURA DOMICILIADA CORREO CONCELLO MESDE SETEMBRO | 122,59 € | A830****7 | SSOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS | 1 |
| 2006 | ADO | 3190/2006 | 3.22 | ERRO DECRETO FALTAN 0,4 DA FACTURA | 0,04 € | 333****9A | TALLERES LUIS NOCHE | 3 |
| 2006 | ADO | 480/2006 | 4.22 | FOCOS BURGAS 39 BENEFICIARIOS | 90,15 € | | FOCOS BURGAS | 4 |
| 2006 | ADO | 2985/2006 | 4.22 | RESARCIMENTO FOCOS XERMADE 70 BENEFICIARIOS A 30,05 | 30,05 € | | FOCOS XERMADE | 4 |
| 2006 | ADO | 2986/2006 | 1.22 | RESARCIMENTO FOCOS BURGÁS 40 BENEFICIARIOS | 90,15 € | | FOCOS BURGAS | 4 |
| 2006 | ADO | 2177/2006 | 4.22 | RESARCIMENTO FLUIDO ELECTRICO 67 4VECIÑOS MOMAN | 150,25 € | | FOCOS MOMAN | 4 |
| 2006 | ADO | 2176/2006 | 4.22 | RESARCIMENTO FLUIDO ELECTRICO 77 VECIÑOS PIÑEIRO MIRAZ | 90,15 € | | FOCOS PIÑEIRO | 4 |
| 2007 | ADO | 898/2007 | 73.221 | RESARCIMENTO FLUIDO EL CTRICO CAZAS 2006-2007 | 150,25 € | | FOCOS DE CAZÁS | 4 |
| 2007 | ADO | 901/2007 | 73.221 | RESARCIMENTO FLUIDO EL CTRICO LOUSADA 2006-2007 | 240,40 € | | FOCOS DE LOUSADA | 4 |

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2025 (13/03/2025 08:00:00)

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2007 | ADO | 1394/2007 | 11.233 | ASISTENCIAS ORGANOS COLEXIADOS PECHE CORPORACION 2003/2007 | 0,15 € | | JOSE PAZ OTERO | 3 |
| 2007 | ADO | 2658/2007 | 11.233 | ASISTENCIAS PLENO DO 16 XU¥O-DECEMBRO 2007 | 270,00 € | 338****0J | JOSEFA FELPETO CAL | 4 |
| 2008 | ADO | 506/2008 | 73.221 | RESARCIMENTO FLUIDO EL CTRICO ALUMEADO PUBLICO MOMAN | 30,05 € | | FOCOS | 4 |
| 2008 | ADO | 505/2008 | 73.221 | RESARCIMENTO DO FLUIDO ELECTRICO ALUMEADO PUBLICO PI¥EIRO MIRAZ | 60,10 € | | FOCOS | 4 |
| 2008 | ADO | 2641/2008 | 73.221 | RESARCIMENTO FLUIDO ELECTRICO DO ALUMEADO PUBLICO2007-2008 PARROQUIA XERMADE | 30,05 € | | FOCOS | 4 |
| 2008 | ADO | 2242/2008 | 32.227 | ALUGUER PANEIS FOTOVOLYAICOS..... FIP EOLICO | 0,40 € | B272****5 | MONCHO Y SANTOME, S.L. | 3 |
| 2009 | ADO | 1345/2009 | 73.221 | APROBACION FOCOS CAZAS | 90,15 € | | FOCOS | 4 |
| 2009 | ADO | 1591/2009 | 73.221 | FOCOS CABREIROS | 90,15 € | | FOCOS | 4 |
| 2009 | ADO | 1133/2009 | 12.220 | MATERIAL CONCELLO | 267,96 € | B153****1 | GRAFIGAL, S.L. | 1 |
| 2009 | ADO | 2607/2009 | 44.227 | TRATAMENTRO RU DECEMBRO | 2,00 € | A153****3 | SOCIEDAD GALLEGA DE MEDIO AMBIENTE | 3 |
| 2009 | ADO | 1616/2009 | 45.226 | COBRO ESGAE REPRESENTACION PAMPON TI¥A RAZON | 0,20 € | G280****3 | SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES | 3 |
| 2010 | ADO | 105/2010 | 11.233 | ASISTENCIAS 2009 | 0,30 € | 338****5Z | MANUEL ANGEL CABALEIRO PELLON | 3 |
| 2011 | ADO | 3184/2011 | 16.227 | RECOLLIDA RESIDUOS VOLUMINOSOS | 741,99 € | B27****5 | CELTA PRIX, S.L. | 5 |
| 2011 | ADO | 2821/2011 | 16.210 | AVARIAS AGOSTO | 587,13 € | 338****0Z | MANUEL MIRAGAYA NOVO | 1 |
| 2011 | ADO | 2753/2011 | 16.210 | AVARIAS SETEMBRO | 165,30 € | 338****0Z | MANUEL MIRAGAYA NOVO | 1 |
| 2011 | ADO | 2759/2011 | 16.210 | AVARIAS OUTUBRO | 279,25 € | 338****0Z | MANUEL MIRAGAYA NOVO | 1 |
| 2011 | ADO | 2763/2011 | 16.210 | CONTADORES OUTUBRO | 47,69 € | 338****0Z | MANUEL MIRAGAYA NOVO | 1 |
| 2011 | ADO | 2822/2011 | 16.210 | AVARIAS NOVEMBRO | 170,90 € | 338****0Z | MANUEL MIRAGAYA NOVO | 1 |
| 2011 | ADO | 2767/2011 | 16.210 | CONTADORES NOVEMBRO | 125,73 € | 338****0Z | MANUEL MIRAGAYA NOVO | 1 |
| 2012 | ADO | 2610/2012 | 16.221 | FOCOS MOMAN 2010/2011 | 120,20 € | | FOCOS | 4 |
| 2012 | ADO | 2823/2012 | 16.221 | FOCOS XERMADE 2010/2011 | 90,15 € | | FOCOS | 4 |

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2025 (13/03/2025 08:00:00)

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2012 | ADO | 1394/2012 | 16.221 | FOCOS CANDAMIL 2010/2011 | 30,05 € | | FOCOS | 4 |
| 2012 | ADO | 1392/2012 | 16.221 | PAGO FOCOS 2010/2011 CAZAS | 150,25 € | | FOCOS | 4 |
| 2012 | ADO | 1393/2012 | 16.221 | PAGO FOCOS 2010/2011 CABREIROS | 150,25 € | | FOCOS | 4 |
| 2012 | ADO | 1391/2012 | 16.221 | ALUMEADO PÚBLICO FOCOS LOUSADA 2010/2011 | 30,05 € | | FOCOS | 4 |
| 2012 | ADO | 2917/2012 | 16.221 | ALUMEADO PÚBLICO FOCOS LOUSADA 2010/2011 | 90,15 € | | FOCOS | 4 |
| 2012 | ADO | 2918/2012 | 16.221 | FOCOS BURGAS 2011/2012 | 30,05 € | | FOCOS | 4 |
| 2012 | ADO | 2915/2012 | 16.221 | FOCOS CANDAMIL 2011/2012 | 120,20 € | | FOCOS | 4 |
| 2012 | ADO | 2911/2012 | 16.221 | FOCOS PARROQUIA ROUPAR 2012 | 120,20 € | | FOCOS | 4 |
| 2012 | ADO | 2916/2012 | 16.221 | FOCOS MIRAZ-PIÑEIRO 2011-2012 | 300,50 € | | FOCOS | 4 |
| 2012 | ADO | 2913/2012 | 16.221 | FOCOS CABREIROS 2011/2012 | 180,30 € | | FOCOS | 4 |
| 2012 | ADO | 2914/2012 | 16.221 | FOCOS CAZAS 2011-2012 | 210,35 € | | FOCOS | 4 |
| 2012 | ADO | 2912/2012 | 16.221 | FOCOS PARROQUIA LOUSADA 2011/2012 | 120,20 € | | FOCOS | 4 |
| 2013 | ADO | 1051/2013 | 16.221 | FOCOS PARROQUIA XERMADE 2011/2012 | 30,05 € | | FOCOS | 4 |
| 2013 | ADO | 3302/2013 | 16.221 | FOCOS MOMAN 2013 | 180,30 € | | FOCOS | 4 |
| 2013 | ADO | 3310/2013 | 16.221 | FOCOS ROUPAR 2013 | 60,10 € | | FOCOS | 4 |
| 2013 | ADO | 3308/2013 | 16.221 | FOCOS CAZAS 2012/2013 | 210,35 € | | FOCOS | 4 |
| 2013 | ADO | 3305/2013 | 16.221 | FOCOS XERMADE 2012/2013 | 150,25 € | | FOCOS | 4 |
| 2013 | ADO | 3309/2013 | 16.221 | FOCOS LOUSADA 2012/2013 | 180,30 € | | FOCOS | 4 |
| 2013 | ADO | 3306/2013 | 16.221 | FOCOS CANDAMIL 2012/2013 | 180,30 € | | FOCOS | 4 |
| 2013 | ADO | 3307/2013 | 16.221 | FOCOS CABREIROS 2012/2013 | 240,40 € | | FOCOS | 4 |
| 2013 | ADO | 3303/2013 | 16.221 | FOCOS PIÑEIRO-MIRAZ 2012/2013 | 390,65 € | | FOCOS | 4 |
| 2013 | ADO | 2890/2013 | 23.227 | SERVIZO LIBRE CONCURRENCIA NOVEMBRO | 1,00 € | B700****2 | SERVICIOS SOCIAIS VIRXE DO CARME | 3 |
| 2014 | ADO | 3849/2014 | 165.221 | FOCOS BURGAS 2013/2014 | 30,05 € | | FOCOS | 4 |
| 2014 | ADO | 3851/2014 | 165.221 | FOCOS MOMAN 2013/2014 | 120,20 € | | FOCOS | 4 |
| 2014 | ADO | 3850/2014 | 165.221 | FOCOS PIÑEIRO-MIRAZ 2013/2014 | 150,25 € | | FOCOS | 4 |
| 2014 | ADO | 3848/2014 | 165.221 | FOCOS CANDAMIL 2013/2014 | 60,10 € | | FOCOS | 4 |
| 2015 | ADO | 1243/2015 | 165.221 | FOCOS ROUPAR | 240,40 € | | FOCOS | 4 |
| 2015 | ADO | 1244/2015 | 165.221 | FOCOS LOUSADA 2013/2014 | 150,25 € | | FOCOS | 4 |
| 2015 | ADO | 1245/2015 | 165.221 | FOCOS CABREIROS 2013/2014 | 150,25 € | | FOCOS | 4 |

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2025 (13/03/2025 08:00:00)

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2015 | ADO | 1246/2015 | 165.221 | FOCOS CAZAS 2013/2014 | 360,60 € | | FOCOS | 4 |
| 2016 | ADO | 193/2016 | 165.221 | FOCOS LOUSADA 2014/2015 | 60,10 € | | FOCOS | 4 |
| 2016 | ADO | 194/2016 | 165.221 | FOCOS ROUPAR ANO 2014 | 60,10 € | | FOCOS | 4 |
| 2016 | ADO | 195/2016 | 165.221 | FOCOS CABRERIOS 2014/2015 | 120,20 € | | FOCOS | 4 |
| 2016 | ADO | 196/2016 | 165.221 | FOCOS CAZÁS 2014/2015 | 330,55 € | | FOCOS | 4 |
| 2016 | ADO | 197/2016 | 165.221 | FOCOS CANDAMIL 2014/2015 | 90,15 € | | FOCOS | 4 |
| 2016 | ADO | 198/2016 | 165.221 | FOCOS XERMADE 2014/2015 | 30,05 € | | FOCOS | 4 |
| 2016 | ADO | 199/2016 | 165.221 | FOCOS BURGAS 2014/2015 | 30,05 € | | FOCOS | 4 |
| 2016 | ADO | 200/2016 | 165.221 | FOCOS PIÑEIRO-MIRAZ 2014/2015 | 150,25 € | | FOCOS | 4 |
| 2016 | ADO | 201/2016 | 165.221 | FOCOS MOMAN 2014/2015 | 180,30 € | | FOCOS | 4 |
| 2016 | ADO | 3599/2016 | 165.221 | FOCOS LOUSADA 2015/2016 | 60,10 € | | FOCOS | 4 |
| 2016 | ADO | 3799/2016 | 165.221 | FOCOS PIÑEIRO-MIRAZ 2015/2016 | 180,30 € | | FOCOS | 4 |
| 2016 | ADO | 3800/2016 | 165.221 | FOCOS CANDAMIL 2015/2016 | 90,15 € | | FOCOS | 4 |
| 2016 | ADO | 3801/2016 | 165.221 | FOCOS BURGAS 2015/2016 | 30,05 € | | FOCOS | 4 |
| 2016 | ADO | 3875/2016 | 165.221 | FOCOS ROUPAR 2015 | 90,15 € | | FOCOS | 4 |
| 2016 | ADO | 3876/2016 | 165.221 | FOCOS CABREIROS 2015/2016 | 120,20 € | | FOCOS | 4 |
| 2016 | ADO | 3886/2016 | 165.221 | FOCOS CAZAS 2015/2016 | 270,45 € | | FOCOS | 4 |
| 2016 | ADO | 3887/2016 | 165.221 | FOCOS MOMAN | 90,15 € | | FOCOS | 4 |
| 2017 | ADO | 2410/2017 | 334.48 | CONVENIO 2017 | 5,92 € | G274****1 | ASOCIACION VOLUNTARIOS PROTECCION CIVIL | 5 |
| 2017 | ADO | 2129/2017 | 165.221 | FOCOS CAZAS 2016/2017 | 390,65 € | | FOCOS | 4 |
| 2017 | ADO | 2130/2017 | 165.221 | FOCOS CABREIROS 2016/2014 | 120,20 € | | FOCOS | 4 |
| 2017 | ADO | 2131/2017 | 165.221 | FOCOS ROUPAR 2016 | 90,15 € | | FOCOS | 4 |
| 2017 | ADO | 2163/2017 | 165.221 | FOCOS LOUSADA 2016/2014 | 60,10 € | | FOCOS | 4 |
| 2017 | ADO | 2165/2017 | 165.221 | FOCOS CANDAMIL 2016/2017 | 90,15 € | | FOCOS | 4 |
| 2017 | ADO | 2243/2017 | 165.221 | FOCOS PIÑEIRO-MIRAZ 2016/2017 | 90,15 € | | FOCOS | 4 |
| 2017 | ADO | 2365/2017 | 165.221 | FOCOS XERMADE 2016/2017 | 60,10 € | | FOCOS | 4 |
| 2017 | ADO | 2366/2017 | 165.221 | FOCOS BURGAS 2016/2017 | 60,10 € | | FOCOS | 4 |
| 2017 | ADO | 2367/2017 | 165.221 | FOCOS MOMAN 2016/2017 | 60,10 € | | FOCOS | 4 |

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2025 (13/03/2025 08:00:00)

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2017 | ADO | 4304/2017 | 60.453.619 | REPARACION E MELLORA DE FIRME EN DOUS VIAIS EN LOUSADA E NA ESCOLA DE MIRAZ. PLAN UNICO | 78.390,29 € | G271****2 | HERMANOS PICO YAÑEZ SL | 1 |
| 2017 | ADO | 4302/2017 | 60.172.619 | MELLORA NA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN ALUMEADOS PÚBLICOS NA PARROQUIA DE MOMÁN | 23.950,00 € | G272****5 | MONCHO Y SANTOME, S.L. | 1 |
| 2017 | ADO | 4153/2017 | 323.227 | SERVIZO CONSERXERÍA E MANTEMENTO DECEMBRO | 1.210,38 € | 765****6L | PILAR GESTO CARBALLO | 1 |
| 2018 | ADO | 87/2018 | 920.212 | INSP. PERIODICA REGLAMENTARIA DE ASCENSOR NAVE | 3,00 € | B273****6 | CONTROL INDUSTRIAL METODOS Y ENSAYOS SL | 3 |
| 2018 | ADO | 1447/2018 | 165.221 | FOCOS CANDAMIL 2017/2018 | 90,15 € | | FOCOS | 4 |
| 2018 | ADO | 1777/2018 | 165.221 | FOCOS LOUSADA 2017/2018 | 60,10 € | | FOCOS | 4 |
| 2018 | ADO | 1778/2018 | 165.221 | FOCOS ROUPAR 2017 | 90,15 € | | FOCOS | 4 |
| 2018 | ADO | 1779/2018 | 165.221 | FOCOS PIÑEIRO/MIRAZ 2017/2018 | 60,10 € | | FOCOS | 4 |
| 2018 | ADO | 1780/2018 | 165.221 | FOCOS MOMAN 2017/2018 | 90,15 € | | FOCOS | 4 |
| 2018 | ADO | 1781/2018 | 165.221 | FOCOS CAZAS 2017/2018 | 330,55 € | | FOCOS | 4 |
| 2018 | ADO | 1782/2018 | 165.221 | FOCOS CABREIROS 2017/2018 | 90,15 € | | FOCOS | 4 |

1. Erro contable - duplicidade
2. Anulación de liquidacións por confusión da figura do acredor y do debedor.
3. Diferencias redondeo / escasa contía.
4. Prescrición
5. Outros

Xermade, 6 de marzo de 2025.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0633

## XOVE

*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía nº 2025-0705 de data 10 de marzo de 2025, aprobouse inicialmente o Padrón da Taxa pola prestación dos servizos de subministración de auga e recollida domiciliaria de lixo correspondente ao primer trimestre de 2024.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago, que dispoñen de un prazo de vinte días, contados a partires da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto do seu exame e presentación das reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra o mesmo.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación o presente anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico – administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2025 (13/03/2025 08:00:00)

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 17 de marzo de 2025 ata 16 de maio de 2025; o ingreso efectuarase preferentemente mediante domiciliación bancaria ou en calquera oficina de Abanca ou Banco Santander no seu horario de atención ao público.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

No caso do canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ao público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 10 de marzo de 2025.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0634

*Anuncio*

**Contratación de persoal laboral fixo**

De conformidade co establecido na base 14ª das Bases reguladoras que rexen o proceso selectivo de dúas (2) prazas de operarios de servizos múltiples do concello de Xove persoal laboral fixo, recollidas na OEP 2022 e OEP 2023 do concello de Xove, mediante resolución da alcaldía de fecha 06/03/2025 acordouse contratar persoal laboral fixo do concello de Xove, os seguintes aspirante:

| Identidade do Aspirante | DNI | Tipo | Praza |
|---|---|---|---|
| Don Demetrio López Pena | ****284** | LABORAL FIXO | Operario de servizos múltiples |
| Don Guillermo Rego Canoura | ****301** | LABORAL FIXO | Operario de servizos múltiples |

A contratación das persoas incluídas na resolución da persoa titular da Alcaldía para cubrir as prazas convocadas efectuarase no prazo máximo dun (1) mes desde o día seguinte ao da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Xove, 10 de marzo de 2025.- O Alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 0635

Anuncio publicado en: Num BOP 59 año 2025 (13/03/2025 08:00:00)